

ANEXO I

Recomendacións para a tramitación do gasto nos proxectos de investigación

Atendendo os resultados das recentes visitas de control desenvolvidas ao longo deste exercicio e as pistas de auditoría empregadas (criterios de interpretación), informámossos sobre algúns dos requisimentos nos que fan especial fincapé as autoridades de control:

1. Que só deberá imputarse o gasto elixible e expresamente descrito nas bases reguladoras das convocatorias.
2. Que deberán vincularse os gastos aos proxectos de acordo cos criterios técnicos recollidos na memoria de solicitude do investigador principal.
3. Que a adquisición dos equipamentos, así como a compra de material inventariable deberá axeitarse ao recollido nas bases reguladoras, aos obxectivos expresados na memoria técnica e aos criterios de amortización, segundo o expresan a/s convocatoria/s da/s axuda/s de referencia.
4. Que no caso de gastos de viaxes e congresos, deberán achegarse as tarxetas de embarque e o/s certificado/s de participación, asignados e conformados pola organización do evento, garantindo a súa vinculación ao proxecto.
5. Que no caso de facturas correlativas da mesma empresa e en datas próximas para a compra dun obxecto individual ou complementario, se poderá requerir a obrigatoriedade de promover un expediente de contratación por lotes con varias empresas.
6. Que a a adquisición de compromisos de gasto de bens nun prazo de tempo próximo á finalización da actividade de investigación poderá ser considerada como desvinculación do ben ao proxecto e en consecuencia, desvinculación do gasto ao fin concreto para o que se concedeu a subvención, dando lugar á revogación parcial da axuda.
7. Que cando o importe do gasto subvencionable supere a contía dos 12.000 euros no suposto de suministración, bens de equipo ou prestación de servizos, deberán solicitarse como mínimo tres ofertas de diferentes provedores ou achegar, no caso de exclusividade, o certificado pertinente.
8. Que, no caso dos programas cofinanciados con cargo a Fondos FEDER deberán cumplirse os requisitos en materia de publicidade incluíndo a inserción do logo europeo e da mención “FEDER: *Unha maneira de facer Europa*” en todo tipo de publicacións, memorias, convocatorias ou soportes de comunicación. Asemade, os equipamentos adquiridos con cargo ao proxecto deberán pegar a correspondente etiqueta identificadora do organismo e/ou do fondo financiador.

Estas recomendacións deberán terse en conta no momento de tramitar os gastos asociados aos diferentes proxectos de investigación.



En Vigo, 28 de setembro de 2012

O xerente,

Asdo.: Manuel Fernández Jauregui

Sra. Vicerreitora de investigación

Sr. Vicexerente de persoal

Sr. Xefe do servizo de control interno

Sr.xefe do servizo do persoal docente e investigador

Sra. Xefa do servizo de retribucións

Sra. Xefa do servizo de contabilidade, orzamentos e tesouraría

Sr. Xefe do servizo de apoio á investigación e ao desenvolvemento

Srs. / Sras. Administradores/as de centros (campus de Vigo, Ourense e Pontevedra)

Sr. Xefe da sección de tesouraría

Sra. Xefa da sección de proxectos de investigación

Sres. / Sras. Responsables de asuntos económicos dos centros (campus de Vigo, Ourense e Pontevedra)